
INTERPELACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte **interpelación** para o seu debate e inclusión na orde do día do Pleno da Corporación:

ANTECEDENTES:

1. Durante o pasado mandato, o Concello de Santiago impulsou por vez primeira as axudas de Cooperación ao Desenvolvemento, co obxectivo de colaborar na realización de proxectos concretos en países empobrecidos. Con estas subvencións, o Goberno local daba un paso fundamental para cumprir o acordo asinado polo Concello en 1999, polo que se comprometía a destinar o 0,7% do orzamento municipal a cooperación ao desenvolvemento.
2. A primeira convocatoria de axudas á Cooperación ao Desenvolvemento, dotada con 90.000 euros, quedou resolta en outubro de 2017. A segunda convocatoria, aprobada en agosto de 2018 e resolta en xaneiro de 2019, estivo dotada xa con 120.000 euros. Dela resultaron beneficiarias seis entidades: Fundación Vicente Ferrer, Solidariedade Internacional de Galicia, Amigos da Terra, Asemblea de Cooperación pola Paz, Manos Unidas e Agareso; que desenvolveron proxectos en países como India, Guatemala, Nicaragua ou El Salvador.
3. No que levamos do actual mandato, as axudas á Cooperación ao Desenvolvemento non foron convocadas, malia a estar contempladas nos orzamentos municipais de 2019, 2020 e 2021.
4. En outubro de 2020, o grupo municipal de Compostela Aberta presentou un rogo no Pleno da Corporación para urxir ao Goberno a convocar as citadas subvencións e que a partida non quedara sen gastar, como acontecera no ano 2019. Na súa resposta, o concelleiro Gumersindo Guinarte sinalou o seguinte:

“Efectivamente, dende hai algúns anos o Concello tén nos seus orzamentos a previsión dunha dotación orzamentaria para axudas ao desenvolvemento. Non temos ningunha vontade de deixar esmorecer esta iniciativa, que compartimos. Eu reuníme en varias ocasións coa Coordinadora Galega de ONGDs, estamos traballando nesa convocatoria, que como saben é complicada porque hai que pedir autorización á Xunta de Galicia. Pero temos a vontade de manter e facer efectivas esas subvencións. É verdade que este ano, coa situación sanitaria que

vivimos aquí e no resto do mundo, eles mesmos me transmitiron a súa reticencia ou dúbidas sobre a posibilidade de levar a cabo, no caso de que foran adxudicadas, algúns deses proxectos nos países nos que normalmente se vén desenvolvendo, sobre todo da América Latina. Pero estamos na idea de manter a convocatoria de subvencións”

5. Finalmente, a convocatoria de 2020 non chegou a realizarse. Nos orzamentos de 2021, o Goberno local incrementou a partida prevista para as axudas de Cooperación ao Desenvolvemento ata os 220.000 euros, nun intento de compensar a non convocatoria das subvencións nos dous exercicios anteriores. Ese aumento foi, ademais, un dos puntos salientados na memoria das Contas, que sinalaba que *“A política social (servizos sociais, cooperación, política de igualdade) segue a ser un dos principais ámbitos de actuación do goberno municipal”*.
6. En agosto de 2021, o grupo municipal de Compostela Aberta urxiu ao Goberno a publicar a convocatoria das axudas, trasladando a preocupación da Coordinadora Galega de ONGDs que, naquela altura, non tivera aínda noticias do procedemento. CA reclamaba, ademais, que “no caso de convocar as subvencións, se estimaran uns prazos realistas para a execución dos proxectos, permitindo que os potenciais beneficiarios puideran xustificar os gastos máis alá de 2021, porque doutro xeito sería imposible súa execución”.

Por todo o anterior, presentamos a seguinte **INTERPELACIÓN** para o seu debate no Pleno:

- **Como xustifica, e por que causas, o Goberno local non ter realizado a convocatoria de axudas para Cooperación ao Desenvolvemento nos anos 2019 e 2020, a pesar de estar orzamentadas? Por que quedaron sen gastar e executar as partidas orzamentarias correspondentes a eses anos? A menos de mes e medio do final do 2021, que previsións ten o Goberno local para a convocatoria deste ano?**

Santiago de Compostela, a 16 de novembro de 2021



María Rozas Pérez GRUPO MUNICIPAL
Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta